

# Concello de Melide

## Frear o Covid-19 é tarefa de tod@s, Contamos contigo!

O Concello de Melide, con motivo do estado de alarma decretado polo Goberno do Estado o pasado 14 de marzo, e seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias tanto, estatais como autonómicas, ten en marcha unha Comisión Municipal de Seguimento da evolución do Covid-19 que adoptou as seguintes medidas:

- **Suspensión de todas as actividades culturais, educativas, sociais e deportivas** organizadas polo Concello de Melide.
- **Peche de todos os edificios públicos e instalacións municipais:** escola infantil municipal, edificio multiusos, aulas de conservatorio, biblioteca, locais sociais, centro social, parques infantís e pazo de congresos.
- **O Concello de Melide permanece pechado ao público pero cos servizos mínimos funcionando en horario de 9h. a 14h.** Todos os veciños e veciñas que queiran resolver dúbidas teñen a súa disposición persoal da administración local no teléfono 981 50 50 03 ou na sede electrónica municipal as 24 horas do día.
- **Todas as persoas maiores, persoas que vivan soas, persoas dependentes e familias con dificultades,** teñen no Concello de Melide o seu apoio. A institución local ten a disposición deste colectivo os teléfonos 981 50 57 06 ou o 680 709 783 para solicitar axuda nestes días de confinamento: para ir facer a compra, buscar medicamentos á farmacia, acompañamento ao centro de saúde, etc.
- **O Concello de Melide** enviou diferentes instrucións ante o COVID-19 ás empresas que prestan servizos municipais: SAF, Servizo de Limpeza das instalacións municipais, recollida de lixo e limpeza viaria e empresas que empregan o velorio municipal.
- **O Concello de Melide reforzou un novo cadro co horario do persoal da Policía Local,** para que en cada quenda estean dous efectivos da Policía Local, coordinados constantemente coa Garda Civil. Ao mesmo tempo, Protección Civil de Melide está a disposición as 24 horas para dar coberturas a todas as incidencias que poidan ocorrer mentres dure o estado de alarma sanitaria.
- **A Concellaría de Promoción Económica e Facenda do Concello de Melide,** coordina as compras necesarias para complementar

os EPIS e necesidades de protección persoal do persoal do Concello de Melide e do Voluntariado.

- **Voluntarios de Protección Civil, persoal do servizo de limpeza municipal e traballadores da brigada de obras,** traballan cada día en tarefas de desinfección de vías e beirarrúas, así como tamén dos espazos máis concorridos estes días, tales como: inmediacións de supermercados, farmacias, centro de saúde, etc. Tamén se están levando a cabo tarefas de desinfección nas parroquias rurais de Melide.
- **O Concello de Melide mantense contacto coa oposición** para informarlle permanentemente das actuacións que se están levando a cabo. A loita contra o coronavirus é tarefa de todos e todas.
- **O Concello de Melide mantén informada á veciñanza de todas as actuacións que se están levando a cabo periódicamente a través dos seus perfís nas redes sociais** en facebook, twitter e Instagram, así como na páxina web [www.concellodemelide.gal](http://www.concellodemelide.gal) e na súa aplicación móbil: Melide Informa.

O Concello de Melide quere transmitir a toda a veciñanza que se están poñendo todos os medios posibles e ao seu alcance para complementar as medidas necesarias para asegurar, en primeiro lugar, a seguridade dos nosos veciños e veciñas, paliando no máximo posible as consecuencias desta situación.

O goberno local quere agradecer a todas as persoas que estes días están dobrando as súas quendas de traballo e aos voluntarios e voluntarias que mediante o seu facer altruista, fan que Melide día a día loite contra a expansión do Covid-19.

Agradecemos a colaboración de todos os veciños e veciñas e recalcamos a importancia de seguir extremando as precaucións durante estes días, cumprindo as recomendacións das autoridades sanitarias para poder frear o número de contagios. Se tes febre, tos seca ou sensación

de falta de aire, o teléfono ao que hai que chamar é o 900 400 116 para os casos leves e ao 061 para os casos graves e de emerxencias.

Quedar na casa é o papel máis beneficioso nesta situación para frear a expansión do Covid-19 na nosa vila. Contámos co teu apoio! #Euquedonacasa



#Euquedonacasa

Concello de Melide

